

A boca pobre

Flann O'Brien

Bónapárt Ó Cúnasa é o protagonista dunha divertida historia que nos fala dos habitantes de Corca Dorcha, unha pequena aldea situada nalgún lugar remoto do occidente de Irlanda, onde os seus habitantes nunca endexamais haberá ninguén coma eles padecen con resignación as inclemencias meteorolóxicas e as penurias da fame e da miseria. O Vello de Pelo Cano, o seu avó, está sempre ao seu carón para ofrecerlle o seu consello e acompañalo en calquera oportunidade de aliviar as graves consecuencias dun destino que os gaélicos están condenados a padecer e do que non cabe fuxida posible.



Todos teríamos que ser feministas

Chimamanda Ngozi Adichie


“O problema cos roles de xénero é que prescribe como teríamos que ser, no canto de recoñecer como somos. Imaxínade canto máis felices seríamos, canto máis libres de ser quen somos en realidade, se non soportásemos a carga das expectativas de xénero.” Chimamanda Ngozi Adichie demostra neste elocuente e perspicaz texto que ser feminista non é cousa só de mulleres. Neste libríño, a autora nixeriana ofrece unha definición singular do que significa ser feminista no século XXI, cun estilo claro e directo, sen deixar de lado o humor, ao tempo que dá pistas de como facer deste mundo un lugar máis xusto.

BIBLIOTECA ESCOLAR

Novidades 9



biblioquendas.blogspot.com
ieslamaquendas.edubib.xunta.gal
Curso 2023-2024



I.E.S. Lama das Quendas

R/ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Tel.: 982870223 – Fax: 982870233
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas



A historia de Greta

Valentina Camerini

Para ser unha mañá de finais do verán en Estocolmo, o 20 de agosto de 2018 vai unha calor increíble na cidade. E segundo se oe na televisión, nos últimos meses as temperaturas foron altas, quizais a causa dos numerosos incendios en toda Suecia.

Ese día, Greta Thunberg, que daquela tiña quince anos comezou a súa folga fronte ó edificio do Parlamento: os políticos non deben esperar máis, hai que facer algo para salvar o medio ambiente. É o primeiro #fridaysforfuture da Historia.

Preparádevos para ler unha historia de esperanza, valor e determinación. Esta é a verdadeira historia de Greta Thunberg, mais tamén a de moitos outros nenos e nenas de todo o mundo dispostos a loitar contra o desinterese dos maiores, en nome dun futuro mellor. Nunca es demasiado pequeno para marcar a diferenza.



Pequeno país

Gaël Faye

Burundi, 1992. Gaby ten dez anos e pasa o día cos amigos nas rúas de Bujumbura, cos que rouba mangas nos xardíns do barrio, se baña no río e fuma ás agachadas. Pero a súa vida libre de preocupacións é interrompida pola separación dos pais (francés e ruandesa) e pola guerra, que o desposuirá do paraíso da infancia e o obrigará a medrar a marchas forzadas.

O conflito dos Balcáns

Carlos Méixome, Xulio Ríos e Laudelino Pellitero

Nesta obra, que conta cun manual para o profesor e outro para o alumno, realizase unha análise pormenorizada da historia dos pobos que habitan os Balcáns, así como das causas do conflito bélico que asola esta zona de Europa dende 1991. Trátase dunha obra que incorpora un gran dinamismo gráfico e abundancia de datos.

Estampas do Grove

Paco Luna

Os solpores e amenceres do Grove... as súas mariscadoras recollendo marisco na praia, son os dous temas centrais desta proposta fotográfica do recoñecido fotógrafo Paco Luna. Andaluz agora felizmente xubilado no Grove, a súa terra de acollida, exerceu de mozo como foto-xornalista, colaborando co xornal Sol de España e o Diario Sur de Málaga. Agora, gañado o tempo de lecer, dedica todo o seu tempo á familia e á súa paixón: a fotografía, unha terapia, di, coa que se relaxa e goza de canto o rodea. Coa súa cámara sempre aberta, nos últimos anos foi capaz de captar como ninguén a beleza do Grove, a ría de Arousa e outros puntos da comarca.

